

## 1 NORMATIVA

1. A “**Peña Cicloturista Castro Barbudo**”, en adiante Peña, xunto co **Concello de Rianxo**, en adiante Concello, organiza a “**XIV Subida ao Castro Barbudo**” que se celebrará o día **sábado, 4 de maio de 2013** con saída dende Campo de pazos e chegada o Campo Maneiro ambos lugares da parroquia de Taragoña. A saída darase as 16:00 horas.
2. A rota encadrase como proba de Cicloturismo-BTT sendo un exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, excluindo expresamente a competición.
3. Tódolos participantes consideraranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación, considerándose persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na marcha, será de 18 anos. Os que teñan mais de 15 anos, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor
5. A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poida ser causa ou vítima o participante durante a marcha, como tampouco se fai responsable dos gastos ou débedas que puidera contraer durante o percorrido.
6. Será imprescindible para participar na marcha, o uso do casco.
7. Soio será considerado participante da “**XIV Subida ao Castro Barbudo**”, a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a páxina [www.castrobarbudo.com](http://www.castrobarbudo.com).
8. A proba é **federada**, polo que os que non teñan licencia da federación galega de ciclismo deberán aboar a maiores o seguro por un día de 12 euros
9. O prezo da inscrición será de **15 € (+12€ se non e federado)** para todos os participantes que debe facer mediante **transferencia bancaria** ou **ingreso** na conta da Peña (2080 0344 51 3040004300)
10. Os **participantes considéranse inscritos** (ata un máximo de 200 participantes) unicamente cando se **verifique** a realización do ingreso. **O feito de inscribirse na web non da dereito a pre-inscrición.**
11. As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.
12. As inscricións abriranse o día **12 de abril de 2013** e pecharanse o día **30 de abril de 2013** ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
13. O participante coa súa inscrición manifesta encontrarse fisicamente apto para a proba.
14. A organización disporá durante o transcurso da marcha dos servizos de Asistencia Sanitaria, Ambulancia e Protección Civil.
15. Disporase dun avituallamento líquido e sólido dentro do percorrido da marcha.
16. Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.
17. A Peña garante o pleno cumprimento da Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados existentes na Peña o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. O inscrito pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixida a Peña, ó acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos.
18. O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento, e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, sponsors e colaboradores, dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma.